



**O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL** de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten entre as súas funcións a de dar a coñecer ó Goberno galego a súa opinión sobre a execución dos plans e programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode redactar, por solicitude da Xunta ou por propia iniciativa, estudos ou informes sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade.

No marco destas funcións, o Pleno do CES-Galicia decidiu, na súa sesión 1/02, de 4 de febreiro, por propia iniciativa, abordala elaboración dun informe-opinión os *Obxectivos estratéxicos da política industrial de Galicia*.

Os traballos de redacción do informe-opinión foron encargados á Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón de materia. A Comisión aprobou o

borrador do informe-opinión sobre os *Obxectivos estratéxicos da política industrial de Galicia* na súa sesión 12/02, de data 19 de setembro.

A Comisión Permanente tramitou a proposta de informe-opinión na súa sesión 5/02, celebrada o 4 de outubro.

O texto definitivo do presente informe-opinión foi aprobado por unanimidade polo Pleno do CES na súa sesión 6/02, celebrada con data 21 de outubro.

### **Obxecto**

O **obxecto** deste informe é darlle a coñecer ó Goberno galego as consideracións das entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello Económico e Social de Galicia sobre os *Obxectivos estratéxicos da política industrial de Galicia*.

## Metodoloxía e alcance

Neste apartado limiar, pártese da consideración das distintas liñas estratéxicas dos complexos productivos establecidos nos acordos sobre as medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1999-01, así como as medidas e accións a desenvolver. Estre estas, cómpre salienta-las referidas á potenciación de ciclos integrados, xeración de maior VEB, fomento empresarial, o apoio á I+D ou as medidas relacionadas coa formación.

O Plan Estratégico para o Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006 - documento que contén a política socioeconómica da Xunta para os vindeiros anos- ten en conta as accións acometidas ata o momento e a coherencia con outras actuacións en curso.

No capítulo 2 preséntase unha análise da situación actual da industria en Galicia. Considérase que o sector industrial está formado polas industrias relacionadas co sector primario, o sector enerxético e a industria propiamente dita (bens intermedios, bens de equipo e bens de consumo).

O capítulo pretende caracteriza-lo sector industrial en base a unha serie de indicadores: en primeiro lugar, en termos de produción e emprego, para o que se teñen en conta os datos do *Contabilidade Trimestral* e a *Enquisa de Poboación Activa* do IGE.

En segundo lugar, a partires dos datos do *Directorio de empresas e unidades locais de Galicia* do IGE, analízase o sector empresarial galego en termos do número de empresas e a dimensión das mesmas. O Directorio cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servicios administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servicio doméstico. No caso das empresas con actividades asociativas a información procede basicamente do rexistro de contas de cotización á Seguridade Social, polo que a cobertura neste caso pode ser escasa. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha per-

soa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

Para unha aproximación ó desenvolvemento interior de Galicia, preséntanse os datos desagregados tanto a nivel provincial como a nivel de áreas funcionais.

O estudo do sector empresarial galego continua co estudo de indicadores económico-finaneiros e das variables empresariais recollidas na *Encuesta industrial anual de empresas* do INE e no estudo de Ardán. A Enquisa, de carácter estructural e periodicidade anual, ten como obxectivo fundamental proporcionar unha información precisa, fiable e oportuna dos diversos sectores que constitúen a actividade industrial, de maneira que se podan satisfacer as necesidades de información na materia, tanto nacionais como internacionais. A enquisa se refire ó conxunto de empresas con actividade principal industrial (seccións C a E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas de 1993) e ubicadas no territorio nacional.

Pola súa banda, Ardán considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algúna empresa importante, polo que as cifras poden presentar algúna limitación no seu alcance-, das que se teñen datos nos dous últimos anos consecutivos e que presentan unha facturación superior ós 240.404,84 euros.

Posteriormente analízase a situación da I+D, da oferta de solo empresarial, tendo en conta as características dos parques tecnolóxicos e dos parques empresariais en funcionamento, e do comercio exterior galego –tómase como fonte de información os datos do ICEX-.

O terceiro capítulo, Obxectivos estratégicos da política industrial en Galicia, presenta as accións prioritarias, obxectivos finais, directamente relacionadas co tecido productivo, así como a xerarquización dos obxectivos intermedios recollidos no PEDEGA (obxectivos integrados ou de alto valor estratégico, obxectivos influentes e obxectivos influídos ou sensibles).



Os obxectivos finais directamente relacionados co tecido productivo son o 1.A. “Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial” e o 1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia”.

## Antecedentes

**1.- No Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996** preséntanse como problemas prioritarios da economía galega os relativos á:

- a.- Situación xeográfica periférica e baixa accesibilidade.
- b.- Poboación envellecida, con formación débil e cunha limitada capacidade para emprender e innovar.
- c.- Base empresarial moi atomizada.
- d.- Estructura productiva excesivamente dependente de actividades primarias de carácter tradicional.
- e.- Reducido nivel de articulación productiva.

**2.-** Despois de estudia-la evolución destas “debilidades”, e coa meta de impulsa-lo proceso de converxencia real entre Galicia e España, os programas integrados no **Marco Comunitario de Apoio (MCA) 1994-1999** trataban de afrontar esos problemas a través dos seguintes obxectivos finais:

- Mellora-la accesibilidade e a articulación do territorio así como as dotacións de infraestruturas más ligadas á base productiva.
- Mellora-la calidade de vida da poboación residente (infraestructuras de carácter social).
- Promove-la sostibilidade do proceso de desenvolvemento (coidado medioambiental)
- Apoia-lo crecemento da base productiva, cunha estratexia baseada na calidade dos produtos e na exportación.
- Mellora-la cualificación dos recursos humanos e a capacidade de innovación e anima-lo desenvolvemento dunha cultura empresarial e urbana.

**3.-** Partindo dos Acordos sobre as Políticas Activas de Emprego, Reordenación do Tempo de Traballo e Creación de Emprego, Formación en materia de Saúde e Riscos Laborais, Medidas de Apoio Financeiro á Promoción Económica e

Fomento Empresarial (13 de xullo 1998), o 30 de xullo do ano 1999 asináronse os **Acordos sobre medidas para o Crecemento e o Emprego en Galicia 1999-2001**. Nestes recóllese que o reforzamento da base productiva da economía galega, xunto co aproveitamento máis eficaz do seu potencial de desenvolvemento, é a única garantía dun crecemento sostible e dun emprego estable e de calidade.

Estes acordos sinalan como obxectivo prioritario o de potencia-lo desenvolvemento de complexos integrados por redes de actividades, en paralelo coa transformación ordenada das ramas de produción de carácter máis tradicional. Como resultado da análise das liñas estratégicas de actuación sobre sectores da economía galega, estableceronse catro complexos básicos: agro-gandeario, mar-industria, silvicultura-madeira e, finalmente, as actividades prioritarias do sector industrial.

As distintas liñas estratégicas dos devanditos complexos productivos, así como as distintas medidas e accións a desenvolver, recóllense nos **cadros 1.1. a 1.7.**

**4.- O Plan Estratégico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000/2006**, que contén a política socioeconómica da Xunta de Galicia para ese período, parte de dúas bases sobre as que elabora a súa estratéxica xeral:

- Unha reflexión prospectiva dos escenarios razonables do contorno no que se moverá o sistema económico galego no futuro.
- Unha definición dos grandes fins socioeconómicos que ten Galicia e a súa traducción en obxectivos finais para o plan. Eses obxectivos están baseados na consistencia interna, a adecuación ós problemas e oportunidades de desenvolvemento e á capacidade operativa para os poñer en marcha.

Tívose tamén en conta a necesaria continuidade coas accións acometidas ata o momento e a coherencia con outras actuacións en curso, como o **Plan de Crecemento e Emprego de Galicia 1998-2001** (obxectivo final 3.B.) e o desenvolvemento do anexo relativo a sectores productivos acordado o 30 de xullo de 1999 (obxectivo final 1.B.).

CADRO 1.1.

**Medidas estratéxicas para os sectores productivos**  
**Complexo agro-gandeiro**

Líneas estratéxicas	Medidas a desarrollar
Plan integral de expansión de produccions agrarias alternativas ou complementarias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación e desenvolvemento dun marco normativo favorable para a obtención dun producto de calidade sanitaria diferenciada en zonas tipificadas (ETIQUETA DE CONTROL DE CALIDADE DE "PRODUCCIÓN INTEGRADA").</li> <li>• Potenciar ciclos integrais propios de cultivos, mellorando a estabilidade e as súas rendas.</li> <li>• Creación de líneas de potencianza de servicios técnicos cualificados de xestión das actividades más especializadas dos cultivos, (control de patóxenos, fertilización, etc.)</li> <li>• Promoción e fomento de ciclos integrais de especies e razas gandeiras alternativas complementarias (autóctonas e alienígenas).</li> <li>• Potenciación da industria e comercialización das produccions agrarias alternativas ou complementarias obtidas, como finalización do ciclo integrado.</li> <li>• Transferencia de tecnoloxía (DTT) ó sector agrogandeiro mediante accións demonstrativas piloto.</li> </ul>
Apoyo e fomento da creación, consolidación e expansión de entidades de base asociativas de 2º grao, especialmente na orientación comercial e na xestión empresarial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incentiva-la formación e contratación de persoal cualificado</li> <li>• Fomenta a constitución e expansión de novas entidades de 2º grao</li> <li>• Apoyo á consolidación e expansión das entidades existentes</li> </ul>
Plan de apoio ás microempresas agroindustriais con produccions diferenciadas de alta calidade (especialmente relacionadas con marcas de calidade colectivas)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoio ás investimentos en instalacións e equipamentos</li> <li>• Apoio á comercialización e promoción dos produtos</li> <li>• Apoio ás instalacións de agricultores xoves en explotacións leiteiras</li> <li>• Axudas os gastos de instalación de agricultores xoves en explotacións alternativas ás de produción de leite</li> </ul>
Fomento da incorporación de agricultores xoves a explotacións agrogandeiras	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axudas os gastos de instalación de agricultores xoves en explotacións leiteiras</li> <li>• Fomenta-la mellora da xestión e manexo da explotación tendo en conta as axudas e condicionantes da O.C.M. ecosistema e ó desenvolvemento sostible do medio rural.</li> <li>• Implantación de pasteiros e orientación do aproveitamento forraxeiro en montes veciñais en man común.</li> </ul>
Redimensionamiento e modernización de explotacións agrarias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomenta-los investimentos na mellora da estrutura das explotacións agrarias</li> <li>• Fomenta-las agupacións de prestacións de servizos ás explotacións agrarias</li> <li>• Incentiva-la realización de investimentos para a mellora da calidade do leite a nivel explotación</li> </ul>
Potenciación das industrias agroalimentarias cara a produtos de maior calidade e maior valor engadido	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da industrialización de produtos infrautilizados</li> <li>• Apoyo á mellora tecnolóxica das industrias</li> <li>• Potenciación da comercialización dos produtos</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.



## CADRO 1.2.

**Medidas estratéxicas para os sectores productivos**  
**Complexo mar-industria**

Líneas estratéxicas	Medidas a desarrollar
<b>Modernización e renovación da flota e da industria transformadora e conservadora coa incentivación e relocalización dos posibles excedentes de persoal. Aumento de dimensión empresarial na transformación e conserva sin menoscabos los intereses das pequenas e medianas empresas.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Construcción de novas embarcacións pesqueiras aplicándolle todos avances técnicos, medidas de seguridade e hixiene no traballo e priorizando os investimentos nos buques que empreguen artes e métodos más selectivos, de cara a conseguir unidades productivas máis competitivas e que ofrecen unhas condicións de traballo axeitadas ós seus tripulantes en harmonía cunha explotación sostible dos recursos, unha "pesca responsable".</li> <li>• Modernización das embarcacións xa existentes, tendentes á rationalización das operacións de pesca, sobre todo empregando artes de pesca máis selectivos, á meliora dos procesos de manipulación e conservación a bordo que repercuten na calidade dos produtos pescados, meliora das condicións de habitabilidade das tripulacións e de seguridade nos buques, así como a instalación de equipamentos para o control das operacións de pesca.</li> <li>• Creación de novas empresas de transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura, facendo especial fincapse naquelas investimentos que fomenten o emprego de especies autóctonas, especies novas, infrautilizadas ou excedentarias, etc., que non leven a un sobredimensionamento do sector xa implantado en Galicia. Apoyo ás empresas de procesado de carácter artesanal, que empregan produtos para un mercado específico cunhas presentacións especiais e unhas producións limitadas. Estudo da dimensión empresarial no sector.</li> <li>• Modernización da industria transformadora e de conserva implantadas en Galicia, das industrias de almacenamento en frío, con especial incidencia na aplicación de novas tecnoloxías, a elevación da calidade dos produtos acabados, que redunden na meliora da competitividade, cunha incidencia no incremento da cota de mercado das empresas.</li> </ul>
<b>Incremento de fondos para a investigación en caladoiros pesqueiros e bancos mariisqueiros. Apoyo á I+D, desenvolvemento tecnolóxico, calidades, medio ambiente e seguridade.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intensificación da producción no sector mariisqueiro e na acuicultura: A actividade mariisqueira é fonte do sustento dunha parte importante da poboación costeira, o que conleva unha sobreexplotación dos bancos mariisqueiros e, polo tanto, unha menor da súa productividade.</li> <li>• Investigación, desenvolvemento e formación marítimo-pesqueira: Se a formación e o I+D son funcións necesarias sempre, en momentos onde se proponen cambios productivos, a modernización do sector, e a explotación de novas áreas de actividad son fundamentais para poder decidir o que facer e cómo facelo e trasmillilo ós propios axentes económicos.</li> <li>• Plans piloto de recuperación de recursos explotados pola flota de baixa: A sobreexplotación dos recursos pesqueiros fai必要 a realización de accións para conquiñar a súa preservación e a súa explotación racional.</li> <li>• Realización de prospeccións pesqueiras en novos caladoiros para garantir a actividade da flota galega: Por razón do esgotamento dos distintos recursos e das limitacións que velen de imponer terceiros países ribeireros, a busca de pesquerías alternativas a aquelas onde actualmente está a faena la flota galega de altura é unha das medidas que a Consellería de Pescas, Mariisqueo e Acuicultura considera como básicas para o mantemento do emprego no sector extractivo.</li> </ul>
<b>Apoyo á comercialización do producto final nos diferentes mercados e o aseguramento no abastecemento de materia prima, si é posible nunha central de compras.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación de establecementos de comercialización en orixe, mellorando as condicións hixiénico-sanitarias na manipulación dos produtos, a conservación dos mesmos, para poderen presentar un producto de primeira calidade nesta primeira fase da cadea comercial, con incidencia directa no incremento do prezo.</li> <li>• Promoción dos produtos mariños de Galicia, tendendo a revitalizar os produtos autóctonos e desembarcados na Comunidade Autónoma, así como asegurá-lo abastecemento dos mercados e a busca de novas saídas comerciais, mediante o establecemento de certificacións de calidade, atribucións de distintivos de calidade, campañas de promoción, etc.</li> <li>• Estudio da viabilidade dun mercado de futuros para a pesca en Galicia e o Plan Integral de Reestruturación do Sector Mexilleiro de Galicia. Preféndese ve-la posibilidade de establecer unha nova forma de comercialización dos produtos da pesca, que incrementa a rendabilidade. Así mesmo, buscarse a restruturação dun sector de gran importancia económica e social para Galicia, o sector mexilleiro.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.

<i>Medidas estratégicas para os sectores productivos Silvicultura-madeira</i>	
Líneas estratégicas	Medidas a desenvolver
<b>Forestación de terras agrarias marxinals</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creadión do soporte técnico territorial de proxectos e control de calidad</li> <li>• Incremento da superficie forestal arborada, das melloras silvícolas e das infraestruturas forestais.</li> </ul>
<b>Fomento da xestión dos montes veciñais en man común</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación das xuntas rectoras dos montes veciñais en man común e dos veciños comunitarios</li> <li>• Fomento da ordenación dos usos do monte vecinal</li> <li>• Creadión de equipos de deslindeiros e ordenación dos montes veciñais, así como actualización do inventario dos mesmos.</li> </ul>
<b>Ordenación de montes particulares arborados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implementación de unidades operativas de xestión, co desenvolvemento dun plan silvícola elaborado polos propietarios e aprobado pola Administración, coa investigación e novos títulos de propiedade, dotación de infraestruturas e transformacións forestais coordinadas polo plan.</li> </ul>
<b>Fomento da modernización do sector de aserrío e primeira transformación da madeira</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Investimentos en activos fixos materiais da capacidade instalada</li> <li>• Investimentos para a mellora da estrutura comercial e procesos de comercialización.</li> <li>• Actuacions de difusión e extensión do uso de tecnoloxías aplicadas.</li> <li>• Prospección de mercados nacionais e de exportación.</li> <li>• Investimentos en activos fixos materiais productivos que aumenten a competitividade das empresas de aserrío da madeira.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.



CADRO 1.4.

Complexo	Líneas estratégicas	Medidas a desenvolver
<b>Granito ornamental</b>		
Promoción-comercialización-loxística		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño de campañas de promoción a nivel nacional</li> <li>• Desenvolvemento de campañas específicas sobre árees de mercado concretas no exterior</li> <li>• Participación na Mesa Nacional do Granito</li> <li>• Desenvolver cursos de deseño e colocación dirixido a prescritores</li> <li>• Potenciar coñecemento do granito a prescritores</li> <li>• Solicitude de inclusión do granito dentro das líñas de promoción comercial exterior.</li> <li>• Meliora das infraestruturas de transporte</li> <li>• Deseño de cursos para persoal responsable de exportación</li> <li>• Promoción da formación de boseiros</li> <li>• Estudio sobre posibilidades de mellora da manipulación e transporte do granito en bloque</li> <li>• Estudio sobre posibilidades de montaxe de planta de xeración eléctrica</li> <li>• Estudio sobre posibilidades de instalar unha subestación de transformación para garantía la calidade de suministro do subsector</li> <li>• Estudio sobre redución e o aproveitamento dos residuos no subsector graniteiro</li> <li>• Localización de árees idóneas para o emprazamento de vertedoiros de residuos de acordo á normativa medioambiental</li> <li>• Promoción de concursos de ideas e proxectos sobre aplicacións dos residuos</li> <li>• Elaboración de programas de aseguramento da calidade</li> <li>• Posta en marcha do Centro de Granitos de Galicia</li> <li>• Acreditación do laboratorio de ensaios</li> <li>• Identificación de potenciais proxectos de investigación</li> <li>• Apoios en I+D para o deseño de prototipos</li> <li>• Elaboración dun plan de formación dirixido fundamentalmente a operarios e mandos intermedios</li> </ul>
Calidade-Innovación tecnoloxica-formación		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Minoración dos índices de polvo e ruido en canteras e naves de elaboración</li> <li>• Incentivación para o cumprimento do Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.</li> </ul>
<b>Lousa ornamental</b>		
Promoción-mercado		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións que palien o exceso de oferta en épocas de recesión</li> <li>• Promoción e formación sobre a lousa a constructores, arquitectos e prescritores en xeral, a nivel nacional e internacional.</li> <li>• Solicitude de inclusión da lousa dentro das líñas de promoción comercial exterior</li> </ul>
Tecnoloxía e I+D. Formación		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilización de métodos racionais para a valoración dos recursos da lousa, por exemplo técnicas xeostatísticas.</li> <li>• Posta a punto dunha loxística óptima de elaboración e automatización de procesos.</li> <li>• Definición de industrias auxiliares do subsector.</li> <li>• Formación de operarios e mandos intermedios.</li> </ul>
Medio Ambiente		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consecución dun pacto Ambiental entre a Administración e a Asociación Galega de Pizarristas</li> <li>• Creación dun modelo de xestión de escomberas por cuncas pizarreiras</li> <li>• Posta en marcha do cluster da lousa</li> <li>• Acceso a novos mercados e cooperación interterritorial</li> <li>• Posta en marcha do Centro de Pizarras de Galicia</li> <li>• Creadión dun Gabinete de I+D para a lousa</li> <li>• Certificación da calidade da lousa</li> </ul>
Cooperación e Actividades de campo		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Minoración dos índices de polvo e ruido en canteras e naves de elaboración</li> <li>• Incentivación para o cumprimento do Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.</li> </ul>
Seguridade e Hixiene		
Infraestructuras e Urbanismo		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Meliora das infraestruturas de transporte</li> <li>• Xestións para evita-la exclusión das cubertas de lousa en determinados municipios</li> <li>• Fomenta-la utilización da lousa en vivendas financiadas pola Admistración, obras públicas e espacios abertos</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.

## 1.- Limiar

### CADRO 1.5.

#### **Medidas estratéxicas para os sectores productivos Act. prioritarias da industria. Construcción naval**

Líneas estratéxicas	Medidas a desarrollar
<b>Formación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Establecemento dunha base de datos de actividades actualizado e completo, no que se recollan o conxunto de empresas vinculadas ao sector naval, xunto coas actividades que desenvolven, incluíndo o establecemento de bases de datos de proveedores e catálogos de posibles suministradores.</li><li>Realización dun plan sobre as necesidades específicas de formación do sector naval, tanto presentes como futuras, que posibiliten o deseño de planes de formación conxuntos e homoxéneos. Este estudio poderá definirse de maneira diferenciada en relación á industria auxiliar de pequenos e medianos estaleiros e de grandes estaleiros, e contemplará a confirmación prioritaria específica de softadura, CAD, interpretación de planos, caldeirería.</li><li>Establecemento dunha base de datos que permita, a empresas e organismos que impartan formación, acceder e aproveitalla a experiencia dos recursos humanos, altamente cualificados, que tiveron que deixá-lo sector de forma anticipada como consecuencia de reconversións mediante o seu apoio ou formadores, ben sexa no ámbito da impartición directa, ben como formador de formadores, supeditado na súa totalidade a súa incardinación na normativa legal de aplicación.</li><li>Desenvolvemento de cursos de formación para as industrias auxiliares, con criterios de priorización, mediante o mecanismo financeiro da UE, artellado coa Xerencia do Sector Naval e no ámbito da iniciativa comunitaria, sen menoscabo do aproveitamento da potencialidade doutras ferramentas de apoio a formación.</li><li>Elevación da proposta de priorización de desenvolvemento de cursos, dentro da área de prevención de riscos laborais e de seminarios de pemes; traballo en zonas complexas; chorreado, pintado e líquidos inflamables; traballo de manipulación de residuos perigosos e forrado de bodegas.</li><li>Realización dun estudo de eslabonadas industriais non cubertos en Galicia, sobre o conglomerado no que se inscribe o naval, así como a potencialidade de crear iniciativas de creación de emprego ou ampliación productiva, ó obxecto de aproveita-la potencialidade de xeración de valor engadido e emprego.</li><li>Medidas de apoio específico para melloras de innovación nas pemes da industria naval, en función da súa relevancia dende a óptica de aportación a mellora conxunta do conglomerado.</li><li>Medidas de apoio financeiro a través de avais, subvencions ó investimento e de reestruturación de pasivos en proyectos industriais viables, supeditado ó cumprimento das normas específicas de análise e instrumentación de cada lira de axuda, así como da súa incidencia global no conglomerado.</li><li>Priorización no Fondo a constituir "ADIANTE", para aplicación de préstamos participativos no caso de empresas vinculadas ó complexo do naval suxeitas a proxectos de afianzamento empresarial sustentados en expectativas razoables de viabilidade.</li><li>Apoio, mediante a priorización ás empresas auxiliares do naval con estrutura patrimonial, económico-financiera, técnica e tecnolóxica consolidada que desenvolvan proxectos de implantación, baseados no lanzamento de novas actividades encadradas dentro de planos de expansión sólidos, destinados á diversificación cara a mercados diferenciados do sector naval. A dita priorización basearse, complementariamente nos factores xerais que sexan de aplicación na análise, dende a dobre perspectiva de diminución do risco empresarial asociado á concentración monoseccional nun sector ciclico como o naval e de recuperación no mantenemento e/ou creación de emprego.</li><li>Creación dun Foro Marítimo de Galicia, con carácter de organismo consultivo, coa participación do conxunto do sector naval, das industrias marítimas e dos sindicatos, para a identificación dos problemas fundamentais do sector e a aportación de solucións consensuadas.</li></ul>
<b>Investimento produtivo e fomento empresarial</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Realización dun catálogo específico de normativa do sector, así como identificación das áreas nas que sería conveniente a creación ou participación do conglomerado en Comités Técnicos de apoyo ó entramado empresarial, desde a perspectiva de rendibilidade e interese xeral dos proxectos, así como para a meliora da articulación Universidade, Centros Tecnolóxicos, Industria.</li><li>Priorización dos proxectos individuais de empresas, fundamentalmente se incidirá na articulación dos sistemas Ciencia/Tecnología/Industria, mediante o establecemento dunha liña de axudas vinculada á tecnoloxía de materiais, procesos ou produtos. Esta liña manterá nos seus criterios a prioridade daqueles proxectos de carácter concertado e aplicación horizontal.</li><li>No desenvolvemento de políticas específicas de IDT terase en conta a fonte de información provinte das necesidades canalizadas a través dos diferentes Organismos.</li></ul>
<b>Calidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Prioriza la posibilidade de cooperación cos Centros Tecnolóxicos e, en particular, co CIS Deseño e Tecnoloxía. Deste xeito, potenciarase o aproveitamento da infraestrutura tecnoloxica de apoyo ó entramado empresarial, desde a perspectiva de rendibilidade e interese xeral dos proxectos, así como para a meliora da articulación Universidade, Centros Tecnolóxicos, Industria.</li><li>Priorización dos proxectos individuais de empresas, fundamentalmente se incidirá na articulación dos sistemas Ciencia/Tecnología/Industria, mediante o establecemento dunha liña de axudas vinculada á tecnoloxía de materiais, procesos ou produtos. Esta liña manterá nos seus criterios a prioridade daqueles proxectos de carácter concertado e aplicación horizontal.</li><li>No desenvolvemento de políticas específicas de IDT terase en conta a fonte de información provinte das necesidades canalizadas a través dos diferentes Organismos.</li></ul>
<b>Fomento da IDT</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Prioriza la posibilidade de cooperación cos Centros Tecnolóxicos e, en particular, co CIS Deseño e Tecnoloxía. Deste xeito, potenciarase o aproveitamento da infraestrutura tecnoloxica de apoyo ó entramado empresarial, desde a perspectiva de rendibilidade e interese xeral dos proxectos, así como para a meliora da articulación Universidade, Centros Tecnolóxicos, Industria.</li><li>Priorización dos proxectos individuais de empresas, fundamentalmente se incidirá na articulación dos sistemas Ciencia/Tecnología/Industria, mediante o establecemento dunha liña de axudas vinculada á tecnoloxía de materiais, procesos ou produtos. Esta liña manterá nos seus criterios a prioridade daqueles proxectos de carácter concertado e aplicación horizontal.</li><li>No desenvolvemento de políticas específicas de IDT terase en conta a fonte de información provinte das necesidades canalizadas a través dos diferentes Organismos.</li></ul>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.



## CADRO 1.6.

***Medidas estratéxicas para os sectores productivos  
Act. prioritarias da industria. Complexo da madeira***

***Medidas a desenvolver***

- Identificación da situación sectorial e análise subsectorial ó obxecto de poner a disposición dos axentes implicados no sector da madeira o conocemento das empresas que operan no sector, así como da fabricación de bens de equipo, maquinaria ou servicios técnicos que teñen incidencia no mesmo.
- Propiciar unha estrutura específica, aproveitando a infraestrutura tecnolóxica existente, que preste servizo de asistencia técnica ás empresas para o estudo de diagnose técnica, productividade, calidade do produto e situación enerxética dos distintos subsectores.
- Realización de análise para a confrontación de novas tecnoloxías, redifinición de procesos de fabricación a estratéxias de desenvolvemento industrial, focalizado nas secundárias transformacións e na industria de moble.
- Realización de IDT no ámbito do aseriado. O obxectivo a perseguir deberá contemplar unha análise das tensións de árbores de distintas procedencias e idades, tratando de establecer un procedemento analítico de quendas de corta que permitan obter madeira de serra de eucalipto nunhas condicións aptas para o seu tratamento industrial.
- Avance de proxecto de IDT no ámbito do secado de eucalipto. O obxectivo a perseguir é a comparación de tecnoloxías de secado empregadas en Galicia con outras experimentadas noutras rexóns do mundo coa perspectiva de transferencia tecnolóxica.
- Avance de proxecto de IDT na segunda transformación de eucalipto sobre investigación da súa aplicación industrial na carpintería.
- Realización de IDT sobre aproveitamento de corteza de aserio ou biomasa forestal. O obxectivo a perseguir é a avaliación, caracterización e estudio de factibilidade e do aproveitamento dos residuos de descorzado e da biomasa das talas.
- Participación nos Comités Técnicos de Normalización ou Comités Técnicos de Certificación posibilitando a presenza do sector da Madeira de Galicia no foro de elaboración de normativas. Incentivación das actuacións vinculladas coa calibración industrial de equipamento. Incentivación da aplicación de sistemas de calidade ISO 9000. Potenciacián da infraestrutura técnica para a realización de inspeccións e ensaios.
- Confección do censo e lanzamento do cluster da madeira.
- Realización de cursos e conferencias sobre propiedades básicas da madeira, patoloxía e tratamentos, carpintería, predominionamento básico de estruturas, reparación de estructuras, e sistemas de calidade ISO 9000 en pementos.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.

## 1.- Limiar

CADRO 1.7.

**Medidas estratéxicas para os sectores productivos  
Act. prioritarias da industria. Complexo da automoción**

Líneas estratégicas	Medidas a desarrollar
<b>Materia de calidad</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Creación de foros de sensibilización sobre a calidade como factor estratéxico a empregar de cara á consecución de melloras competitivas.</li><li>• Profundización na aplicación de técnicas EFQM e accións encamiñadas á certificación ISO-9000.</li><li>• Realización de bases de datos onde se recollen as empresas proveedoras dos distintos niveis.</li><li>• Fomenta-lo incremento das relacións comerciais dentro do conglomerado</li><li>• Prestación de servicios de apoio: infraestructura de laboratorios, participación nos CT, estudio comparativo entre os distintos referenciais, ou acciones formativas en materia de calidade.</li></ul>
<b>Materia de IDT</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Elaboración dun catálogo das actividades desenvolvidas polas empresas proveedoras dos distintos niveis.</li><li>• Fomenta-los intercambios e experiencias entre os proveedores e os centros de investigación e tecnoxía.</li><li>• Catalogación dos orientantes de IDT e fomento de proxectos de IDT coa participación das empresas do sector.</li><li>• Realización de cursos sobre novas técnicas e intercambio de experiencias e conxercementos</li></ul>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.



### O PEDEGA plantéxase **tres grandes fins**:

– O aumento do emprego de calidade, tratando de recuperar a importancia do emprego como fin último das políticas económicas, na liña das estratexias a favor do emprego actualmente en marcha.

– A elevación do nivel de calidade de vida dos galegos, harmonizando eses niveis entre os distintos segmentos de poboación e nos diversos espacios territoriais de Galicia.

– Asegura-lo desenvolvemento sostido da base productiva rexional, o que implica unha estratexia axustada ás potencialidades específicas de Galicia.

Con esa situación, o PEDEGA coloca nunha posición prioritaria as accións en favor do desenvolvemento da base productiva da economía, xunto cos recursos dedicados ó coñecemento, a mellora do grao de accesibilidade territorial, a dotación de equipamentos colectivos e a conservación e rexeneración do medio rexional. Estas actuacións deber ir acompañadas dunha mellora do marco institucional que garanta un maior grao de eficiencia e unha adecuación ó obxectivo de cohesión intrarrexional.

Os obxectivos finais 1.A.- “Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial” e 1.B.- “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia” son os dous obxectivos finais directamente relacionados coa base productiva de economía.

O obxectivo 1.A.- “Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial” integra obxectivos intermedios horizontais orientados cara á empresa que ten por finalidade principal mellora-los factores básicos que facilitan o xurdimento de iniciativas privadas de investimento de carácter anticipativo, en especial nas pemes, así como promover un contorno favorecedor dese investimento privado.

A orientación estratégica deste obxectivo final céntrase no sistema empresarial de Galicia, en fomentar actitudes empresariais estratégicas e competitivas:

- Imaxe de calidade diferenciada
- Proxección exterior (incremento da capacidade de exportación de bens e servicios de Galicia).

O obxectivo 1.B.- “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia” considera como clave estratégica a configuración e desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente.

A fórmula operativa é estructura-las medidas dentro de programas integrados para os complexos ou agrupamentos (clusters) de actividades singularmente relevantes para Galicia (complexo agrogandeiro, selvicultura-explotación forestal-madeira, mar-industria, clusters industriais de importancia singular –pedra natural, a construción naval, a automoción, a confección-téxtil e telecomunicacións-audiovisual – e turismo selectivo.

Respecto ó marco financeiro do PEDEGA, salienta que dos 11.708,1 millóns de euros presupostados para o periodo 2000-2006, 3.339,6 millóns de euros van destinados a potencia-la competitividade do tecido productivo. O obxectivo final 1.A. acolle un investimento de 624,5 millóns de euros e o obxectivo 1.B. os 2.715,1 millóns de euros restantes.

No apartado 3 deste informe-opinión (Obxectivos estratégicos da política industrial en Galicia) analízanse, segundo as prioridades do PEDEGA, os obxectivos intermedios correspondentes ós devanditos obxectivos finais. ■

